



CIRCULAR 227

INFORMATIVA

NOVEMBRE / DICEMBRE 2010

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Ana Mª Fieira Nogareda

Vogal / Vogalía do Social



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación

“A Xunta de Goberno do COPG deséxavos un 2011 cheo de boas novas persoais e profesionais”

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 228 de xaneiro/febreiro de 2011,
e sairá a principios do mes de marzo de 2011.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de febreiro de 2011, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos terán que empezar a partir de abril de 2011 inclusive.

2011 pola memória

...esa tecedeira
urdindo o futuro
no tear do presente
com fios do passado.

Concha Rousía

XURÍDICA

D. Pedro Trepát Silva

Tfno.: 981 597 611

[Xoves de 16.30 a 20 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas
a través do fax: 981 595 240 ou da páxina

web: www.trepatavogados.com

apartado de consultas on-line

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9 a 13 horas]

Editorial

Pola Memoria

Somos memoria. Somos, en primeiro lugar, memoria xenética que chegou a nós pasando de un ser humano a outro; somos, en segundo lugar, memoria persoal, memoria do que lembramos de nós desde que estamos no mundo; e somos, en terceiro lugar, memoria social, familiar ou de grupo, neste terceiro tipo cabe todo o que nós levamos aprendido que somos na nosa dimensión colectiva. É, polo tanto, non só necesario falar da memoria, senón que é preciso reivindicala, recoñecer a súa función na nosa vida e na vida do mundo e as culturas todas do noso planeta.

A memoria é a trabe, a estrutura, na que se dá a aprendizaxe e o pensamento. Mais antes de comezar a falar da memoria deberíamos dicir que en realidade é ela a que fala, é ela a que dirixe a man que escribe, é ela a que garda as palabras no noso cerebro, é ela quen nos ensinou a ler, si, foi ela, a nosa memoria, sen ela non teríamos aprendido nin as nosas primeiras letras, sen ela non poderíamos pensar. O pensamento dáse no tempo, proxéctase cara ao futuro e sempre manexando os fíos que veñen do pasado, e para iso precisa da guía da memoria.

A memoria é polo tanto a directora dos nosos procesos mentais máis importantes, iso se falamos a nivel individual. Ora, ao falar-

ÍNDICE

6	Información Xeral
13	Información das Seccións
21	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
23	Grupo de Tráfico e Seguridade
24	Últimos colexiados/as de Galicia
25	Código Deontolóxico
27	Cursos, xornadas e congresos

mos de memoria temos necesariamente que falar tamén de memoria colectiva, de memoria familiar, de memoria histórica ou dos pobos, sen a cal non permaneceríamos no tempo. É precisamente esta a que nos permite construír un senso de identidade e de pertenza. A memoria histórica, a do noso pobo, así como a dos outros pobos da terra, non ten data, ela é o fío que nos une desde o noso hoxe ata o máis remoto pasado, todo igualmente digno de ser reivindicado.

Para finalizar debemos mencionar unha das habilidades mais loábeis da memoria e é a súa forza fronte ao paso do tempo, con efecto podemos lembrar igual de ben, ou inclusive mellor moitas veces, un acontecemento que pasou hai moito tempo que un que acabou de pasar, isto é así porque a memoria non ten un reloxo de medir o tempo, ela ten un medidor do impacto emocional que un acontecemento ten para nós, para as nosas vidas; é por iso que aqueles acontecementos que nos fixeran felices, e especialmente aqueles que nos fixeran padecer, fican máis marcados e podemos reproducilos na nosa mente como se acabasen de pasar, a dor destes acontecementos co pasar do tempo non cura nin se mitiga; eses acontecementos necesitan ser recoñecidos, lembrados, analizados e reivindicados ata seren entendidos, porque tratar de sepultalos no esquecemento non dá resultado, eles voltan sempre ata que paren de doer, e para iso o mellor é recoñecelos e curalos.

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 19 de novembro a unha xuntanza de seguimento do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Ministerio Fiscal, o COPG e o Colexio Oficial de Avogados de Santiago para o desenvolvemento do programa de mediación intraxudicial que se desenvolve en Santiago de Compostela.

O Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu o 2 de decembro a unha xuntanza celebrada con representantes do Colexio de Avogados de Ourense para a posta en marcha do programa de mediación intraxudicial en Ourense.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Decana da Facultade de Psicoloxía da USC, Carolina Tinajero Vacas, asistiron o 10 de novembro a unha reunión co Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long, para solicitar o apoio e aprobación da implantación na USC do Máster Oficial de Psicoloxía da Saúde.

En representación do Colexio

A Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, participou na docencia de senllas sesións da actividade educativa para menores imputados por delitos de tráfico, celebrada en Pontevedra o 6 e o 13 de novembro, organizada pola Policía Local de Pontevedra en colaboración coa Fiscalía de Menores.

INFORMACIÓN
XERAL



M^a Rosa Álvarez Prada



Hipólito Puente Carracedo



Eva Muíño Gómez

O Vogal da Comisión Coordinadora de Tráfico e Seguridade, Juan Manuel Bonome Rodal, asistiu á Xornada Nacional de Educación Viaria para Persoas Maiores, organizada por Stop Accidentes e celebrada na Coruña o 18 de novembro.

A Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica do COPG e representante da mesma na Comisión Intersectorial de Mediación do Colexio, Áurea Losada Quinteiros, asistiu á charla Ventaxas da mediación como medida alternativa á vía xudicial, celebrada o 20 de novembro na Coruña e organizada por Mediamos Sociedade Cooperativa Galega.



Concepción Rodríguez Pérez

A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu á reunión do Comité Organizador Local do Foro 2010 que se desenvolveu o 29 de novembro en Compostela.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiron ao acto inaugural do Foro 2010 que tivo lugar o 3 de decembro en Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

"ACHEGAS DA PSICOLOGÍA" 2011

Informámosvos que o próximo encontro de colexiados/as "Achegas da Psicología" terá lugar na primavera.

Enviáremosvos máis información en breve.

□ A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebrou o 23 de outubro en Murcia.

□ A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de COP, que se celebrou o 10 e 11 de decembro en Madrid e á Junta General do Consejo General de COP do 11 de decembro. A esta última reunión asistiu acompañada do Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo.

Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados do COPG

O 21 de decembro celebrouse sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados do COPG. Na xuntanza presentouse o informe de actividades levadas a cabo pola Comisión de Ética e Deontoloxía en 2010, aprobáronse os orzamentos do COPG para 2011 así como a modificación dos Estatutos do COPG, para a súa adaptación á Lei 1/2010 de modificación de diversas leis de Galicia.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, informou do cese de Marta Rivas Rodríguez como Secretaria da Comisión de Ética e Deontoloxía, por cumprimento de período de pertenza á mesma, segundo os Estatutos do COPG. En nome da Xunta de Goberno, manifestou o seu agradecemento e parabéns polo labor exercido. Así mesmo nomeouse a Concepción González Poza como novo membro da citada Comisión.



Momento da Asemblea Xeral de Colexiados/as



Convocatoria da VII Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía

Por acordo da Xunta de Goberno do 5 de novembro de 2010 e co obxecto de fomentar a realización de estudos e investigacións, convocouse a **VII EDICIÓN DA BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA**.

Poderán optar a esta beca os colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

O prazo de presentación das solicitudes e documentación requiridas rematará o **22 de xaneiro de 2011** e deberán ser presentadas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa Espiñeira, 10–Baixo. 15706 Santiago de Compostela) ben directamente no rexistro ou ben enviada por correo certificado ou por correo electrónico, coa indicación de **“Beca Siota de Investigación en Psicoloxía”**.

Pódense consultar as bases na páxina web do COPG

<http://www.copgalicia.es/NovaVer.asp?id=446>



O Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz 2010

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participou activamente no Foro Mundial de Educación, Investigación e Cultura de Paz. O 11 de decembro Concepción Fernández Fernández e Concepción Rodríguez Pérez, Secretaria e Vogal da Xunta de Goberno do COPG respectivamente presentaron a actividade autosexistionada “Educación: chave para a eliminación da violencia contra as mulleres”.

Concepción Rodríguez Pérez, Vogal da Xunta de Goberno do COPG, moderou a Sesión plenaria “A investigación para a paz” celebrada o 12 de decembro.



III Concurso Literario do COPG “Rosa de Cen Follas”

O 14 de decembro, na Galería Sargadelos en Santiago de Compostela, tivo lugar a entrega de premios do III Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia “Rosa de Cen Follas”. Este ano, por primeira vez, a celebración saíu das paredes da sede do Colexio para achegarse a toda a sociedade compostelá, galega e do mundo, que quixese participar.

Os actos deron comezo cunha mesa coloquio na que as poetas **Iolanda Aldrei** e **Concha Rousia** que abriron un coloquio co tema “Podemos vivir sen arte?”. Posteriormente, a Decana do COPG, **Mª Rosa Álvarez Prada**, fixo entrega dos galardóns aos/as gañadores/oras desta edición, **Mario Caneiro Ameneiros**, na modalidade de narrativa coa súa obra “*As moscas*”, e **Rocío Leira Castro**, na modalidade de poesía coa súa obra “*As feridas das enrugadas*”, os cales deron lectura destes dous textos. Por último, deuse paso a un espazo de lectura de diversos textos, propios ou doutros autores/as, por parte dos/as asistentes que así o desexaron.

Fotografía da esquerda:
Concha Rousia e Iolanda
Aldrei

Fotografía do centro:
Asistentes á entrega
de premios

Fotografía da dereita:
Momento da entrega
de premios



Medios de comunicación

Con motivo da celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o COPG levou a cabo nos medios de comunicación as seguintes accións:

- ▣ Cuña do COPG emitida na Radio Galega do 22 ao 26 de novembro “A violencia contra as mulleres non ten xustificación, é un delito”.
- ▣ Declaración institucional do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. 24 de novembro.
- ▣ Artigo de opinión “Ao fío da violencia de xénero”. 29 de novembro.

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- ▣ Comunicado pola celebración das “Xornadas sobre a violencia e acoso escolar. Implicacións xudiciais, prevención e intervención educativa”. 11 de novembro.

❑ Comunicado pola celebración da “Sesión formativa: Despois do accidente. O ámbito da discapacidade física”. 19 de novembro.

❑ Comunicado pola celebración das “XV Xornadas de Psicoloxía Clínica: Tratando coa persoa con psicose”. 26 de novembro.

❑ Comunicado pola celebración da Entrega de premios do III Concurso Literario do COPG “Rosa de Cen Follas”. 13 de decembro.

❑ Comunicado pola celebración das “Xornadas sobre a violencia e acoso escolar. Implicacións xudiciais, prevención e intervención educativa (módulo xurídico)”. 17 de decembro.

Na páxina web do Colexio www.copgalicia.es pódense consultar os textos íntegros dos comunicados.

Foi requirida a participación do COPG nos seguintes medios de comunicación:

❑ V Televisión de Galicia, 4 de novembro, sobre os desordes alimenticios.

❑ La Opinión, 14 de novembro, as frustracións dos/as recén titulados/as ao non atopar traballo.

❑ Galiciaconfidencial.com, 24 de novembro, sobre a violencia contra as mulleres.

❑ Radio Galega, 24 de novembro, sobre educación para conseguir relacións igualitarias.

❑ Radio Obradoiro, 25 de novembro, sobre o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

❑ TVE, 25 de novembro, sobre a violencia machista.

❑ Faro de Vigo, 29 de novembro, sobre a violencia de xénero.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Xornadas da Sección

Os días 26 e 27 de novembro de 2010 tiveron lugar no Fogar dos Maiores de Allariz as **XV Xornadas da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG “Tratando coa persoa con psicose”**.

O acto de inauguración contou coa presenza do Alcalde de Allariz, **Francisco García Suárez**, da Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía, **Mª Rosa Álvarez Prada** e **Luis Nogueiras Fernández**, Presidente do Comité Organizador das Xornadas.

No obradoiro e nos distintos relatorios levados a cabo ao longo das Xornadas salientouse a necesidade dunha abordaxe integral e multidisciplinar da persoa con psicose, que vaia máis alá do control dos seus síntomas máis característicos, e que facilite a recuperación persoal e fomenta a súa integración social-laboral. Tamén se pretendeu contribuír á desestigmatización e concienciación social e institucional das necesidades e das posibilidades terapéuticas e de rehabilitación destas persoas.

Momento da inauguración das Xornadas e asistentes ás Xornadas



Asemblea Anual de Socios/as da Sección

Coincidindo coas XV Xornadas de Psicoloxía Clínica, o venres 26 de novembro celebramos a Asemblea Anual de Socios e Socias da Sección. A través dos informes da Secretaria, **Rosa Cerqueiro Landín**, o Tesoureiro, **Manuel Castro Bouzas** e o Presidente da Sección, **Xavier Sardiña Agra**, analizáronse as actividades desenvolvidas pola Sección no último ano e fíxose unha reflexión sobre varios temas con importantes implicacións para o presente e futuro da Psicoloxía Clínica.

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.

Revista oficial da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG

No ano 2010 elaborouse o **Anuario de Psicoloxía Nº 5**, o cal se entregou aos/as asistentes as XV Xornadas de Psicoloxía Clínica. O Comité de Redacción do Anuario está formado por **Gonzalo Martínez Sande**, **Rosa Cerqueiro Landín**, **Marisol Filgueira Bouza**, **Delia Guitián Rodríguez**, **Manuel Santiago Lopo Lago**, **José Antonio Muñiz Torrado**, **Rosa Mª Rey Pousada** e **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**.

O Anuario está composto polos seguintes artigos:

- “Terapia familiar sistémica”, **Andrés Cabero Álvarez** e **Pedro A. Marina González**.
- “Constructivismos e psicoterapia”, **Javier Manjón González**.
- “Aplicación do modelo parte sa/parte enferma á intervención psicosocial con adolescentes”, **Roberto Antón Santiago**.
- “Investigación de resultados en contextos clínicos: Descrición e metodoloxía no Hospital de Cee”, **Jorge Bajo Lema** e **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**.
- “Síndrome de alienación parental: O sinsentido dunha polémica”, **Manuel Santiago Lopo Lago**.
- “Sobre o pretendido SAP e certas consecuencias”, **Gonzalo Martínez Sande**.

Os anuarios publicaranse en formato electrónico e, cada ano, os/as socios/as da Sección recibirán o último número. Ao cabo de 12 meses, estará dispoñible na páxina web do Colexio para o seu libre acceso.



Formación

□ Os próximos 4 e 5 de febreiro de 2011 realizaremos no Salón de Docencia do Complexo Hospitalario de Ourense o curso “Formación en neuropsicoloxía: Demencias”, que será impartido por **María Mataró Serrat**, Doutora en Psicoloxía e Profesora do Departamento de Psiquiatría e Psicobioloxía Clínica da Universitat de Barcelona.

□ Seguindo na liña de formación en neuropsicoloxía, estamos a ultimar a programación dun curso que se celebrará os días 25 e 26 de marzo en Santiago de Compostela. Entre outros/as relatores, contaremos coa presenza de **Bárbara Wilson**, Psicóloga Clínica e Directora da Cognition an Brain Sciences Unit do Medical Research Council no Reino Unido. **Bárbara Wilson** é unha das figuras máis sobranceiras na neuropsicoloxía a nivel internacional. Conta con máis de trinta anos de experiencia clínica e investigadora e realizou notables achegas ao campo da neuropsicoloxía, tanto no eido da avaliación neuropsicolóxica (por exemplo test Rivermead ou a batería BADS) como nos programas de rehabilitación (por exemplo a “aprendizaxe sen erros”).

□ A Sección tamén está a traballar na organización do curso “Autopsia psicolóxica”, que esperamos levar a cabo o 18 e 19 de marzo na Coruña, e do curso “Avaliación da personalidade”, previsto para o 20 e 21 de maio e o 10 e 11 de xuño en Santiago de Compostela, o cal será impartido por **María José Veiga Candán**, Psicóloga Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Lembrarvos que podedes dirixir as vosas suxestións á Sección de Psicoloxía Clínica do COPG sobre outras temáticas para a realización de novos cursos.

Grupo de traballo en psicoterapias

Rematada a primeira etapa do 2005-2009, o Grupo de investigación sobre “Procesos e resultados en psicoterapia” segue investigando nas variables no proceso psicoterapéutico e pretenden estender o maior número posible de profesionais do campo clínico ou uso sistemático do protocolo de avaliación da práctica diaria como un procedemento de control da calidade das nosas

intervencións. Os/As interesados/as en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa Coordinadora, **Marisol Filgueira Bouza**, a través do seu correo electrónico MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es.

Actualización de datos dos membros da Sección

A Xunta Directiva da Sección segue a actualizar a información sobre datos de contacto e perfís profesionais dos membros da mesma. Para facilitar este labor animámosvos a enviarnos os vosos e-mails.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Sesións informativas de PTO

Co lema **“Consolidando novos roles”** tiveron lugar na Facultade de Psicoloxía da USC as sesións informativas para o alumnado de Psicoloxía do Traballo. Realizáronse os días 10 e 24 de novembro e o programa foi o seguinte:

10 de novembro de 2010

▣ “ESTRUTURA DO GIPCE E FUNCIÓNS DO/A PSICÓLOGO/A”

Ana Isabel Martínez Arranz
e **Concepción López Martín**

Coordinadora e membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG)



Ana Isabel Martínez Arranz e asistentes ao curso

24 de novembro de 2010

▣ “POSIBILIDADES DE EMPREGO NO ÁMBITO DA ORIENTACIÓN LABORAL”

José Manuel Campal Fernández

Responsable do Servizo de Orientación Laboral do Concello de Viveiro (Lugo)

Estas sesións pretenderon informar e dar a coñecer distintos contextos laborais, formas de xestionar recursos humanos e responsabilidades profesionais.

A División PTORH (Convocatoria 2011)

Na Junta de Goberno do Consello Xeral de COP celebrada os días 10 e 11 de decembro de 2010, informouse que as propostas presentadas pola Coordinadora Estatal foron aceptadas. Establécese que o calendario da “Convocatoria Electoral da División PTORH 2011” se inicie o 29 de abril de 2011 coa confirmación do Comité Electoral, e finalice coa votación e proclamación de resultados o 30 de xuño de 2011.

Remitirase información aos membros do Directorio de PTO do COPG, e discutiremos o tema na próxima reunión que será convocada en breve.

Fotografía da esquerda:
José Manuel Campal
Fernández

Fotografía da dereita:
Representantes dos COPs
na Área de Psicoloxía do
Traballo, das Organizacións
e dos Recursos Humanos



Documentación de interese

Queda arquivada para a súa consulta a seguinte documentación:

- a) “*Guía de empresas que ofrecen emprego 2010-2011*”.
- b) Material e documentación da Mesa Redonda sobre “Propostas e reflexións nun escenario laboral cambiante” (Foro sobre orientación laboral, COPG 22 de maio de 2010).
- c) “Normativa de desenrolo na formación para o emprego” (Xornada Técnica, Valencia, marzo de 2010).

Revista PTO

O N° 2 do ano 2010 da “*Revista de Psicología del Trabajo y de las Organizaciones*” aborda temas de interese profesional que aluden ás consecuencias psicosociais do desemprego, a confianza na avaliación, satisfacción laboral, a responsabilidade social corporativa, estresores psicosociais no traballo e a estrutura dun cuestionario de benestar laboral.

Pódese obter información sobre a revista e a subscrición en www.copmadrid.org.



Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC 2010

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do programa Uniemprende, presenta a **XI Edición do Concurso de Proxectos Empresarias Innovadores**. O obxecto do concurso é premiar a toda a comunidade das tres universidades galegas (estudantes, titulados/as, doutorados/as, PAS, etc) ou dos centros asociados da UNED en Galicia, e a empresas constituídas ao longo do 2010 co perfil descrito, que presenten un proxecto empresarial innovador.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 28 de febreiro de 2011.

Máis información na páxina web www.uniemprende.es ou no correo electrónico uniemprende@usc.es.



Aqueles/as colexiados/as que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as poden contactar coa Administración do Colexio.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

□ Como actividade final deste ano 2010, a Sección ven de rematar as Xornadas de Psicoloxía Xurídica, celebradas no Campus de Ourense os días 17 e 18 de decembro en colaboración coa Sección de Psicoloxía Educativa.

A temática destas xornadas foi a violencia e acoso escolar. Implicacións xudiciais, prevención e intervención educativa.

Neste segundo módulo o tema centrouse máis nos aspectos xurídicos. Das valoracións feitas polos/as asistentes destacamos a ponencia presentada por **Miguel Clemente Díaz**, Catedrático de Psicoloxía Social da Universidade da Coruña, **Beatriz Dorrio Lourido**, Psicóloga Xurídica, así como a de **Hugo Morales Córdova**, Psicólogo Social e Profesor da Especialidade de Traballo Social da Pontificia Universidad de Perú. Igualmente os/as asistentes destacaron a intervención da nosa compañeira **Mª del Carmen del Río Iglesias**, Psicóloga do Equipo Técnico do Xulgado de Menores de Pontevedra.

□ Para o vindeiro ano 2011 o noso obxectivo é continuar coa formación interna sendo as seguintes propostas as que posiblemente se programarán, como o pasado ano, cunha periodicidade bimensual e unha duración de cinco horas cada xornada formativa. Estas son as propostas para o vindeiro curso: Comezaremos co curso que vai impartir **Ana Luisa Udías Vázquez**, Doutora en Psicoloxía, Máster en Psicoloxía Xurídica, Especialista en Psicoloxía Clínica (PIR), Profesora Titular do Centro Asociado UNED en Ourense e Socia Fundadora da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG. O título deste curso é “Presentación e desenrolo didáctico e pedagóxico da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro”. O coñecemento desta lei, de fundamental coñecemento para todos/as e en especial para os/as que traballamos ante e para as administracións públicas, tamén especificamente para opositores/oras, xa que forma parte do temario da maioría das oposicións.

Continuaremos a formación interna coas seguintes temáticas: Avaliación do dano psicolóxico en menores vítimas de maltrato, dereito penitenciario, dereito penal, psicoloxía no ámbito policial, mediación penitenciaria e mediación penal.

Temos pensado celebrar a Asemblea de Socios/as de Xurídica no mes de marzo. A temática na que centraremos a conferencia a coincidir coa Asemblea este ano vai ser o “Dano psicolóxico en menores vítimas de maltrato”. Como sempre invitaremos a unha persoa do mundo do dereito para a conferencia, que celebrárase durante a mañá, e na tarde continuaremos con esta temática facéndoa coincidir coa xornada de formación interna da Sección sobre este mesmo aspecto.

Sobre a formación externa, é dicir, a destinada a todos/as os/as colexiados/as para o vindeiro ano, estas son as nosas suxestións: Mediación penal, neuropsicoloxía forense, perfil do agresor sexual, e as xornadas querémolas facer sobre prevención do risco.

Desde a Xunta Directiva da Sección agardamos que estas propostas sexan do voso interese e que continuedes propoñendo máis temáticas tanto como formadores/oras como asistentes á formación.

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

**Simulacro Ilex 10 no Aeroporto
de Lavacolla**

O 19 de novembro de 2010 convocouse aos membros do Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG para participar nun simulacro de accidente aéreo no Aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela. Asistiron ao simulacro as GIPCEs: **Isabel Cabado Fidalgo, Concepción López Martín, Avelina Senra Comesaña, Rosa Mª Tenreiro García, e Ana Mª Núñez Rubines**, esta última como coordinadora da actividade. O mal tempo impediu finalmente que se levara a cabo o simulacro. Suspendeuse pouco tempo antes do seu inicio, polo que as compañeiras do GIPCE que xa estaban alí aproveitaron para revisar a documentación elaborada de cara a outros simulacros.

**I Xornadas de emerxencias e catástrofes
“Menores: impacto e intervención psicolóxica”**

O Colegio Oficial de Psicología de Cantabria celebrou os días 29 e 30 de outubro de 2010 no Palacio da Magdalena de Santander as I Xornadas de emerxencias e catástrofes “Menores: impacto e intervención psicolóxica”.

A ditas xornadas asistiron por parte do COPG 8 membros do GIPCE e a Decana, **Mª Rosa Álvarez Prada**. O GIPCE financiou as inscricións dos membros asistentes.

Fotografía da esquerda:
Membros do GIPCE
participantes no simulacro

Fotografía da dereita:
Asistentes ás Xornadas



Sesión formativa na Facultade de Psicoloxía

O día 10 de novembro **Concepción López Martín** e **Ana Isabel Martínez Arranz**, membros da Coordinadora do GIPCE, explicaron aos/as alumnos/as de 5º da Facultade de Psicoloxía de Universidade de Santiago de Compostela o traballo que realizan os/as profesionais da psicoloxía no ámbito das emerxencias e catástrofes e especificamente o traballo que se desenvolve desde o GIPCE. A sesión estivo organizada pola Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG en colaboración coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.



Momento da intervención de Ana Isabel Martínez Arranz e Concepción López Martín

Accións formativas previstas

❑ O 22 de xaneiro de 2011 celebrárase na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a **reunión formativa do Grupo de Gardas**. Revisarase a coordinación das intervencións e alertas acontecidas durante o ano 2010.

❑ Tense previsto celebrar os días 18 e 19 de febreiro de 2011 o Curso **“Psicoterapia con superviventes de situacións extremas II”**. Será impartido novamente por **Pau Pérez Sales**, Director da Unidade de Trauma do Complexo do Hospital Universitario La Paz en Madrid e Consultor da OMS para temas de violencia e catástrofes. Supoñerá a continuación do realizado no mes de setembro do pasado ano. Para poder asistir a este curso non será necesario ter asistido á primeira parte.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Xornadas de Concienciación

En outubro do ano 2010 desenvolveuse en Santiago de Compostela o último programa das Xornadas de Concienciación. Estiveron coordinadas por **Mª Esther Caamaño Silva** e **Sandra Sesto Vilarinho**, e actuando como observadora **Mª Celsa Regueiro Muñoz**, todas membros do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG. Esta foi a última Xornada que se leva a cabo seguindo o modelo realizado polos membros do Grupo, xa que a partir deste ano serán adaptadas ao programa TASEVAL de Institucións Penitenciarias.

Informar que pese haber recibido resolución positiva nos mesmos termos que a convocatoria anterior, a necesaria adaptación ao novo modelo vains implicar novos axustes na organización dos programas para o 2011, modificacións das cales se informará na primeira reunión do Grupo do ano 2011.

Fotografía da esquerda:
Mª Esther Caamaño Silva,
Sandra Sesto Vilarinho e
Mª Celsa Regueiro Muñoz

Fotografía da dereita:
Momento da sesión formativa

Sesión formativa

O pasado 20 de novembro de 2010 tivo lugar na sede do COPG a sesión formativa **“Despois do accidente. O ámbito da discapacidade física”**. Foi impartida por **Mónica Forteza Monfort**, Psicóloga de GRUMICO na Coruña.



ÚLTIMOS/AS COLEXIADOS/AS DE GALICIA

G-4279	Hermida López, Lorena
G-4280	Carrasco Couselo, Sara
G-4281	Nogueiras Orosa, Sonia
G-4282	Martínez-Peñalver Mas, Elena
G-4283	Álvarez Naya, Ánxela
G-4284	Carril Bobillo, Rosa
G-4285	Alonso Martínez, M ^a Gloria
G-4286	González Blanco, M ^a Concepción
G-4287	García Bernadal, Luis Manuel
G-4288	Aguilera Núñez, Laura
G-4289	Sotelo Estévez, Laura
G-4290	López González, Sonia
G-4291	Barba Pereira, Vanessa María
G-4292	Díaz Alvariño, Carlota
G-3623	Martínez Martínez, Dorotea
G-4293	Sampedro Gago, Gabriela
G-4294	Fernández Gómez, Rosalía
G-4295	Fernández Fernández, Amaya María
G-4296	Gómez Fernández, Laura
G-4297	Sarmiento Ibáñez, Laura
G-4298	Torres Martínez, Eva
G-4299	Torreira Martínez, Susana
G-4300	Chavert García, María
G-0459	Hervella Otero, Manuel
G-4301	Domínguez Novoa, Alia
G-4302	Núñez Álvarez, Margarita Lucía
G-4303	Míguez Liste, M. Carmen

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os/as colexiados/as poidan inser-
tar anuncios por palabras,
sobre aluguer, compra-
venta, ou para compartir
despachos profesionais.

- Os anuncios enviaran-
se á Administración do
COPG antes do día 15
de cada mes par.
- O número máximo
de palabras por cada
anuncio será de 50.
- Para calquera informa-
ción consultar coa Admi-
nistración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despa-
cho de psicoloxía a tempo
parcial ou completo de 20
m² na Rúa Santa Margarita,
35. Santiago de Composte-
la. Tfno.: 981 000 000”.


CIRCULAR

INFORMATIVA

Podes consultar o contido destas
Circulares en www.copgalicia.es



CÓDIGO DEONTOLÓXICO



LEMBRA

**O CÓDIGO
DEONTOLÓXICO
PARA NÓS**

Artigo 6º

A profesión de psicólogo/a réxese por principios comúns a toda deontoloxía profesional: respecto pola persoa, protección de dereitos humanos, sentido de responsabilidade, honestidade, sinceridade para cos/coas clientes/as, prudencia na aplicación de instrumentos e técnicas, competencia profesional, solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións profesionais.

Artigo 15º

Cando se ache diante de intereses persoais ou institucionais contrapostos, procurará o/a psicólogo/a realizar a súa actividade con máxima imparcialidade. A prestación de servizos nunha institución non exixe da consideración, respecto e atención ás persoas que poidan entrar en conflito coa institución mesma e das cales o/a psicólogo/a, naquelas ocasións en que lexitimamente proceda, haberá de facerse valedor/ora ante as autoridades institucionais.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

A información que aparece neste apartado ten que ser remitida ao COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

CURSO "FORMACIÓN EN NEUROPSICOLOXÍA: DEMENCIAS" (12 horas)

Datas: 4 e 5 de febreiro de 2011

Lugar: Ourense

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

CURSO "INTRODUCCIÓN Á TERAPIA GESTALT CORPORAL ENERXÉTICA" (30 horas)

Datas: do 11 de febreiro ao 17 de xuño de 2011

Lugar: Santiago de Compostela

Docentes: Ramiro Díaz e Rosa Gaztelumendi

Organiza e informa: PAÑÑA-Centro de Psicoloxía Humanista. Avda. de Lugo, 209-Entrechán. 15703 Santiago de Compostela. Tfños.: 981 941 951 /

656 397 742. E-mail: cpsgestalt@yahoo.es

Web: www.gestaltgalicia.es

CURSO "PSICOTERAPIA CON SUPERVIVENTES DE SITUACIÓNS EXTREMAS II" (18 horas)

Datas: 18 e 19 de febreiro de 2011

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza e informa: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela. Tfno.: 981 534 049

Fax: 981 534 983. E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

Este curso vai dirixido só aos membros do GIPCE do COPG

CURSO "ESPECIALISTA EN PSICOTERAPIA CENTRADA NA PERSOA (ROGERS)" (200 horas)

Datas: do 4 ao 6 de febreiro de 2011

Lugar: A Coruña

Docentes: Javier Ortigosa Perochena,

Mª Eulalia Gil Ojeda e José Mª Herrera Jofre

Organizan e informan: Instituto de Interacción e Psicosom

Psicosom

Federico Tapia, 43-2º Esq. 15004 A Coruña

Tfno.: 981 919 108

E-mail: info@psicosom.com

Web: www.psicosom.com

**CURSO "HIPNOSE CLÍNICA".
PRIMEIRO NIVEL (40 horas)**

Datas: de febreiro a xuño de 2011

Lugar: Madrid

Docente: Isidro Pérez Hidalgo

Organizan e informan: CHC Psicólogos
e Sociedad Hipnológica Española
Tfnos.: 915 554 077 / 915 971 090

E-mail: hcpsico@cop.es

Web: hcpsico@hcpsico.com

**CURSO "A TERAPIA SEXOFUNCIONAL".
FORMACIÓN EN SEXOLOXÍA CLÍNICA (96 horas)**

Datas: do 2 de abril de 2011 ao 25 de marzo
de 2012

Lugar: Madrid

Docente: François de Carufel

Organiza e informa: Institut de Thérapie
sexofonctionnelle. 3 rue du géomètre. 1080
Bruxelles. Bélgica

Tfno.: + 32(0) 497 923 889

E-mail: info.es@sexofuncional.com

Web: www.sexofuncional.com

**I CONGRESO INTERNACIONAL
DE IDEOLOXÍA DE XÉNERO**

Datas: do 9 ao 11 de febreiro de 2011

Lugar: Pamplona

Organiza e informa: Grupo de Investigación
Interdisciplinar da Universidad de Navarra

Tfno.: 948 425 618

E-mail: ojc@unav.es

Web: www.unav.es/congreso/ideologiadegenero

**VIII CONGRESO IBEROAMERICANO DE
AVALIACIÓN PSICOLÓGICA. XV CONFERENCIA
INTERNACIONAL AVALIACIÓN PSICOLÓGICA:
FORMAS E CONTEXTOS**

Datas: do 25 ao 27 de xullo de 2011

Lugar: Lisboa

Organiza e informa: Facultade de Psicoloxía da
Universidade de Lisboa

Alameda da Universidade. 1649-013 Lisboa

E-mail: congreso.avaliacaopsicologia@transalpino-viagens.pt

**VI CONGRESO ARXENTINO DE SAÚDE MENTAL.
III ENCONTRO INTERNACIONAL DE SAÚDE
MENTAL. III ENCONTRO IBEROAMERICANO DE
POLÍTICAS E ESTRATEXIAS EN SAÚDE MENTAL**

Datas: do 19 ao 21 de maio de 2011

Lugar: Buenos Aires

Organiza e informa: Asociación Argentina de
Salud Mental (AASM)

Ayacucho, 234. Buenos Aires. Argentina

Tfno.: 4952 1923

E-mail: administracion@aasm.org.ar

Web: www.aasm.org.ar



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Membro da EFPA

Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos

HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas e
de 16 a 21 horas e os venres de
9 a 14 horas